



VII PREMIO ARESA

Excmo. e Magnífico Reitor da Universidade de Santiago de Compostela. Exma. Sra. Conselleira de Educación y Ordenación Universitaria. Excmo. Sr. Director Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Unión Europea. Profesor Francisco Díaz-Fierros, Catedrático de Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela. Excelentísimas e Ilustrísimas Autoridades. Sras. y Sres.:

Na súa **VII edición**, o **Premio ARESA** invítanos a facer unha seria reflexión da nosa complexa realidade. Porque nunca coma hoxe o concepto xenérico de desenvolvemento rural, que inspira este galardón, inclúe na súa esencia tres dos grandes retos que a nosa comunidade nos presenta.

O primeiro reto, témolo ca praga de incendios do pasado verán, que ca súa mestura de criminalidade e de circunstancias climáticas adversas, fíxonos pensar na perda do equilibrio rural tradicional, onde a poboación e os seus cultivos vivían en perfecta harmonía. Non quero dicir que este equilibrio rural, propio dunha economía bastante atrasada, teña que permanecer inmutable. O contrario: A nosa obriga é buscar un novo equilibrio axustado ao presente e o futuro.

Porque aquela vaga de lume –da que xa se ocupou o profesor Díaz-Fierros na súa documentada análise - púxonos na pista dunha conclusión que hoxe ten asumida a maior parte da

sociedade galega: Que rachamos o equilibrio tradicional do agro sen ter completado outro modelo alternativo, alomenos tan harmonioso como o que tiñamos na nosa infancia, na que todo – prados e leiras, casas e carballeiras- estaba onde debía estar.

O segundo reto chegou coas choivas do outono, e a súa secuencia de catástrofes económicas e humanas. E outra vez dímonos de bruces contra o chan: a sociedade galega das últimas décadas chegou a crer que o progreso podía con todo, e que mesmo a natureza podía ser controlada si se dispoñía de abundante asfalto e formigón. Pero a realidade non é así. Todos sabemos que eses montes queimados, ou esas marismas recheas, ou esas freixas taponadas, constitúen tamén o espazo necesario para a nosa vida. E xa se sabe que cando os espazos abertos son mal utilizados, acabamos vendo como a natureza se converte na nosa inimiga.

A terceira advertencia chegounos nos derradeiros días do ano 2006: A publicación das estatísticas de poboación realizadas polo Instituto Nacional de Estatística, puxo de manifesto unha vez mais o desequilibrio da nosa estrutura social –radicalmente envellecida-, e a fractura entre a Galicia interior e a Galicia costeira. Aquí aflora outra vez a perda dun desenvolvemento rural sostible, e aquí queda de manifesto tamén o perigo que supón perder un modelo cando non é substituído por outro.

Neste contexto, no que a conciencia dos galegos parece estar espertando, no xurado do Premio Aresa, creo que tivemos o acerto de premiar unha actividade que da resposta, dun xeito paradigmático, a estas tres cuestións que os galegos temos prantexadas.

A **Denominación de Orixe Ribeira Sacra** é, en dúas caras complementarias, símbolo de tradición e modernidade, na que se xuntan a un tempo a cultura vinícola que deu lugar a un dos viños con máis identidade de Europa, con unha actividade de produción e de comercialización verdadeiramente exemplar.

A Denominación de Orixe Ribeira Sacra actúa nun espazo rural privilexiado, no que se complementan con especial intensidade as facianas dunha Galicia agraria próspera e a súa riqueza histórica, artística e natural.

Por si algo faltaba, a actividade vinícola da Ribeira Sacra ten lugar na Galicia interior, onde contribúe a reforzar os equilibrios territoriais do noso país, e onde constitúe un exemplo de como xuntar a produción cunha extraordinaria calidade de vida. Por iso a Ribeira Sacra é unha alternativa, un paradigma da Galicia modernizada que contribúe a re equilibrar o noso espazo económico o mesmo tempo que mantén as características que nos fixeron, para ben ou para mal, tal e como éramos, e tal e como queremos seguir sendo.

Ribeira Sacra é, na máis pura significación das verbas, un signo de vida. Vida moderna, equilibrada, sostible, e tamén, todo hai que dicilo, vida envexable. Vida que proxecta valores que corrían o risco de quedar enterrados por unha falsa idea de progreso. Por iso estou convencido de que este Premio Aresa de Desenvolvemento Rural é, ademais dun acto de xustiza, o recoñecemento dunha proposta de futuro, onde se conxugan de maneira exemplar a identidade e a modernidade.

Permítanme pois que, en honor a este viño lucense que fai posible o milagre da Ribeira Sacra, invoque, a xeito de conxuro, o verso vitalista de Goethe: “O que non bica e non bebe é igual que se ficase morto”. Porque este premio que lle damos á Denominación de Orixe Ribeira Sacra é coma un bico de reconciliación coa nosa Terra, e coma un brindis polo noso futuro.

Moitas gracias.